

NOTA

O investigador de HISTAGRA Telmo Otero Rodríguez ven de recibir o V Premio Jesús García Calvo 2018. 50 Aniversario de Feiraco

Este premio, dotado de 5.000 euros, axudará á realización do traballo de investigación Orixe e consolidación da especialización láctea en Galicia. Unha análise de cara o presente e o futuro do rural galego (1920-2017)



V Premio Jesús García Calvo 2018. 50 Aniversario de Feiraco é convocado pola Fundación Feiraco xunto ás entidades Cooperativas Lácteas Unidas (CLUN) e o IDEGA e está destinado a traballos de investigación que axuden ao coñecemento do medio rural centrados no desenvolvemento do sector lácteo e do cooperativismo, así como na súa contribución á economía social de Galicia.

O autor:

Telmo Otero Rodríguez (Sober, 1991) é Grao en “Historia” (2013), Máster en “Historia Contemporánea” (2014) e Máster en “Desarrollo y Planificación Territorial” (2015). Actualmente realiza a súa tese de doutoramento sobre especialización láctea e transformacións agropecuarias en Galicia durante o século XX no grupo HISTAGRA.

Resumo do traballo premiado:

A investigación tratará sobre o proceso de especialización láctea da gandería galega sucedido ao longo do S.XX e, tendo en conta as amplas transformacións que supuxo para o ámbito agrario, pretende unha análise desde a perspectiva histórica e no tempo longo que nos axude a interpretar a complexa situación da agricultura e do medio rural a día de hoxe en Galicia.

Ligazóns de interese:

<http://www.usc.es/idega/?q=node/256>

<http://histagra.usc.es/gl/persoa/telmo-otero-rodriguez/>

Patrocina:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"